

TESE POLÍTICA

DESAFÍO PARA UNHA NOVA EN MAREA

1. CONTEXTO: UNHA SUPOSTA RECUPERACIÓN ECONÓMICA QUE NON MELLORA AS CONSICIÓNS DE VIDA DAS MAIORÍAS SOCIAIS.

Dende fai uns anos o sistema no que vivimos está a sufrir unha crise sistémica que, con momentos de maior agudización e outros de aparente calma, vai rematar nun cambio radical do modelo de sociedade. O cambio climático, a contaminación e o esgotamento das materias primas únense ao cada vez máis patente cambio tecnolóxico, provocando o esgotamento do actual modelo capitalista industrial que provocará un cambio equiparable aos grandes saltos da historia da humanidade, como o nacemento do neolítico ou o nacemento de industrialización, para dar lugar ao que poderíamos chamar a sociedade automatizada. Esta evolución obrigaranos a escoller entre o Colapso ecolóxico ou a Economía sustentable, entre a Desigualdade máxima ou o Reparto da riqueza a través do Reparto do tempo de traballo e a Renda básica universal, entre o Patriarcado máis asfixiante ou o Feminismo, entre a Utilización democrática das novas tecnoloxías ou a súa Apropriación por un poder antidemocrático, entre un Estado-nación abafador no interior contra os seus cidadáns e pobos diferenciados e agresivo contra os outros estados nacións, ou unha Alianza democrática de nacións e pobos federadas a nivel rexional (no noso caso Europa) e mundial.

O contexto político, económico e social sufriu unha fonda mudanza nos últimos anos, cunha importante transformación do sentimento de indignación cara un sentimento de resignación e apatía a unhas condicións materiais de vida cada vez máis precarizadas. Se o ciclo 2010 – 2016 foi de forte contestación social, provocada polo austericidio imposto polas institucións europeas, estatais, galegas e diversos organismos internacionais, o último trienio supuxo un período de refluxo do impulso mobilizador.

O forte movemento de impugnación ao sistema dende o ano 2009 cada vez é máis feble, non porque o sistema atopa mecanismos para mellorar as condicións de vida da xente, senón por unha confluencia de factores moito máis complexos: en primeiro lugar, pola imposibilidade da mobilización permanente como mecanismo de contestación, que remata provocando o cansancio nas capas sociais mobilizadas. Por outra banda, a decepción ante as opcións que dende a política institucional se presentaban como alternativas reais ao

Réxime baixo a premisa de Mudalo Todo, unha proposta claramente imposible de realizar dada a correlación de forzas existente e o escaso poder obtido (esencialmente municipal) para a aplicación real de políticas transformadoras.

Por desgraza, neste período desenvolveuse ademais un importante branqueamento dos causantes da crise (a comezar polo sistema financeiro) pero tamén das institucións que funcionaron como monicreques do poder económico para aplicar unha saída neoliberal á crise económica (institucións económicas internacionais, Banco Central Europeo, etc) e aos colaboradores necesarios para o seu desenvolvemento: non podemos esquecer que a Unión Europea chegou a cambiar gobernos (en Grecia e Italia) para garantir a aplicación de políticas de austeridade. Do mesmo xeito, é preciso avaliar o papel da socialdemocracia europea (transmutada, no mellor dos casos, en social-liberalismo) como a outra cara da moeda que permitiu o desenvolvemento de políticas austericidas.

No entanto, o sistema económico neoliberal que xerou o malestar social asentouse e reforzouse mediante reformas institucionais que blindaron o poder das grandes corporacións fronte ás persoas, reducindo os seus dereitos e destruindo a eficacia dos mecanismos de promoción colectiva da solidariedade -poder sindical e tecido asociativo-.

Deste xeito, podemos afirmar que as condicións obxectivas non mudaron substancialmente dende os peores anos da crise, pero si existiu unha forte transformación da percepción desta situación. Condicións obxectivas para a transformación social, todas, pero as condicións subxectivas operan cada vez en maior medida na contra deste tipo de ciclos mobilizadores para o Cambio. No Estado esta situación foi evidente: as institucións públicas traballaron ao servizo dos intereses privados (Memorandum, as contrarreformas estruturais atacando ao sistema de pensións, os servizos públicos ou o mercado laboral, recortes orzamentarios nos servizos sociais. na educación e na sanidade) de cara a privatizar os beneficios pero socializar as perdas. A extrema corrupción política representada esencialmente polo PP contribuíu de forma moi significativa á dificultade do progreso social por detraer os recursos e arrastrou a un descrédito a acción dos partidos políticos.

Nese contexto, foi precisamente o PSOE un alumno avantaxado de Bruxelas, preparando o terreo para que o PP profundizara nesta liña de ataque ás maiorías sociais.

A nivel internacional, na actualidade só dous grandes movementos están poñendo en tela de xuízo o statu quo: o movemento feminista e un movemento ecoloxista que acadou cada vez maiores consensos sobre inmensas capas da poboación. No caso do Estado, o último ciclo electoral supón o peche da xanela de oportunidade aberta na última década, cun PSOE

hexemónico no espazo tradicional da esquerda e unha loita pola reconstrución do espazo da dereita, por primeira vez dividida en tres organizacións. O último espazo de impugnación actual ao Réxime xógase en Cataluña, nunha situación de incertas consecuencias.

2. REFLEXIÓNS NECESARIAS DO CAMIÑO POLÍTICO FEITO PARA MIRAR CARA ADIANTE.

2.1. Dimensión da democratización da vida pública. A crise da democracia representativa da última década non se saldou finalmente cunha demanda cidadá de proceso electoral máis frecuente, nin coa combinación coa democracia directa, nin sequera maioritariamente coa aspiración de procesos constituíntes. Máis ben produciuse outro fenómeno: a necesidade de información plena como presuposto da liberdade de escolla no momento electoral. É dicir, demándase exercizo democrático da elección ben informado.

Isto require un reforzo do discurso no ámbito da transparencia, no control democrático da acción de goberno e na liberdade e a obxectividade dos medios de comunicación, singularmente os públicos. Correspóndenos traballar máis en consecuencia, no tema da “información libre para a construción institucional democrática”.

O ciclo mobilizador caracterizado pola creación de plataformas e novos partidos a través dos cales canalizar a necesidade de participación de parte da poboación máis activa, nese momento de entusiasmo xerado polo 15M conseguen resposta electoral e representatividade que finalizado o período saldase con descontento e resignación cando os novos actores políticos non son quen de continuar no poder nin de manter a coherencia. Por suposto, En Marea continuará a traballar na obtención de maiores cotas de participación e democracia tanto internamente como nas institucións.

2.2. A unidade como valor instrumental. EM xurde como un proxecto político galego de unidade popular onde participan cidadanía do común non organizada politicamente, organizacións políticas, colectivos sociais e mareas municipalistas, isto é o que temos recollido nos nosos documentos fundacionais. Un dos valores que promovemos durante estes anos foi a unidade das diversas, algo que o electorado no seu momento refrendou positivamente, pois perseguía a tan ansiada “unidade da esquerda” ao sermos

identificados como parte dese ideal político. Este valor é apreciado politicamente porque permite unir forzas na defensa duns obxectivos comúns; agora ben, para que o aprecio sexa duradeiro cómpre que non se traduza en diferenzas internas ostentosas, pois do contrario transmitimos a idea de que a unidade é imposible, e decepcionamos coa nosa práctica política. O acontecido estes anos amosa que o valor unidade foi dilapidado pola transmisión constante da mensaxe de que non podemos convivir nun espazo político común, pero isto non é certo. A realidade é que a convivencia dentro do espazo de partidos e cidadanía fracasou, pois os partidos quixeron situar a EM como un partido máis e funcionar como coalición. Isto, que é un fracaso en termos de unidade, unicamente invalida as teses de EM sobre a confluencia, non o resto do noso corpo teórico. O que tanto o electorado e as persoas inscritas ven como un fracaso é a incoherencia e a falta de claridade na exposición das nosas posturas políticas. O que fixo imposible a convivencia foi a presión exercida polas organizacións políticas que víanse opacadas pola acción do espazo de unidade (EM), aínda cando a xente decidira que era EM o lugar de encontro.

A primeira conclusión é que como proxecto político é máis doada a coalición de persoas que de partidos, a unión de vontades que a de organizacións, cando estas teñen consignas que non se poden negociar dende a propia EM. A segunda conclusión é que forzando unha unidade sen lealdade o que facemos é dilapidar socialmente o capital política do propio concepto de unidade, de xeito que cando esteamos en disposición de botar man del vai deixar de ser un ben apreciado, se agora o destruímos o seu significado profundo. En terceiro lugar, ao longo destes cinco anos produciuse tanto en Galicia como na política estatal un fenómeno ao que nos incorporamos tarde a nivel europeo: o multipartidismo en ambos bloques, o progresista e o conservador.

De forma crecente, fronte as decepcións recorrentes no electorado polas promesas incumpridas dos partidos do bloque rexeneracionista, déronse tres saídas reais: o abstencionismo; a volta aos partidos clásicos e a confianza en opcións que podan permitir recuperar a ilusión fronte a decepción. Neste caso, a diversidade de oferta electoral lonxe de ser unha rémora constitúese nun factor de mobilización de voto.

No caso actual e para EM como forza galega que presenta unha oferta electoral que pretende entre outras cousas combater a decepción causada por forzas que atraeron un voto que logo derivou en promesas incumpridas a tendencia actual de multipartidismo amósase como unha oportunidade, a de **reilusionar**. Temos a oportunidade, e a responsabilidade, de facer que a xente decepcionada coa nova política vexa en EM un valor en quen confiar en vez de absterse ou volver a opcións clásicas.

Logo de todo o exposto, a decisión do modo de concorrer ás vindeiras eleccións galegas será decidida polo conxunto dos e das inscritas na forma que arbitre o Consello, sexa consulta telemática, plenario ou outra.

2.3. É o rupturismo o concepto que mellor nos define? A caracterización do noso espazo político en Galicia (menos no Estado, e nada en Europa) foi o rupturismo, na medida en que simbolizaba a pretensión de superación do réxime político de 1978 mediante procesos constituíntes (idea confederal de plurinacionalidade). Aínda mantendo a postulación de cambio político mediante un proceso constituínte, resulta evidente que perdemos unha oportunidade que o tería propiciado no conxunto do Estado, pero debemos seguir empurrando para que esa xanela volva a abrirse e que EM sexa decisoria na nova configuración que salga do futuro proceso constituínte.

O relato que fai EM de impugnación do existente en termos sociais segue vixente pois as condicións materiais para unha vida digna que deberían acadar, para a cidadanía, as forzas políticas que operan no mundo, España e Galicia non son quen de conseguilas. Así mesmo a impugnación en termos políticos de defender unha democracia máis participativa e onde poidamos ir avanzando en como ir decidindo as cuestións que nos afectan como cidadanía é unha necesidade para EM. E é precisamente esa caracterización máis radical a que permitiu a obtención das maiores cotas electorais e de simpatía social polas chamadas forzas do cambio, polo que se ben o espazo político debe tamén xerar un relato propio e auto-referenciarse do xeito que permita acadar maiores consensos sociais, en ningún caso esta posición pode significar o intento de homologación coa socialdemocracia realmente existente (o social-liberalismo do socialismo europeo) ou a renuncia á idea de Transformación.

Ao mesmo tempo, unha das críticas máis estendidas entre a xente que simpatiza con nós é o emprego -no contexto da nova política- de léxico afastado da linguaxe común de difícil ou imposible comprensión para a cidadanía en xeral . Esta sorte de *tecnolecto* crea en ocasións unha barreira que impide que a nosa mensaxe chegue ben, ou mesmo que cree sistematicamente prevencións á contra en quen escoita. Por iso dende EM debemos corrixir esta situación para facernos entender mellor.

2.4. Postpopulismo. Debemos desterrar aqueles elementos do populismo que mereceron a crítica desde posicións republicanas á vista da práctica política destes anos por toda Europa. Principalmente debería concretarse no rexeitamento á idea de liderazgos carismáticos, a verticalidade discursiva e organizativa e o mesianismo. Debemos asumir tamén que o pluralismo social implica necesariamente unha **referencialidade política**

múltiple, e nós aspiramos a representar un segmento progresista galego amplo de toda esa diversidade, pero recoñecendo que non somos representativos de toda a sociedade e en consecuencia que non falamos en nome de todo o pobo.

2.5. Extensión e límites do recoñecemento da lexitimade do adversario. Como movemento democrático, EM recoñece a lexitimidade das posicións políticas que concorren nunha democracia partidista, mesmo cando non son coincidentes nos valores e prioridades que postulan cos de EM, e nese sentido recoñéceos como interlocutores sociais e institucionais, pois no seu conxunto constitúen o bloque de representación democrática cidadá. Este recoñecemento ten como único límite aquelas forzas políticas que abandearan ideas que **negan a materialidade democrática**, é dicir, que postulan a vulneración dos dereitos fundamentais -por exemplo, que cuestionan a igualdade entre mulleres e homes-. Esta excepción débese proxectar exclusivamente sobre a representación política, nunca sobre a base cidadá que lle outorga confianza.

2.6. Comprender a discrepancia. Dende EM debemos facer un esforzo de empatía redobrado de comprender por que sectores da sociedade escollen ou abrazan outras opcións e ideoloxías, incluso (moi especialmente, deberíamos enfatizar) as que nos resultan odiosas ou antidemocráticas. É fundamental fuxir da autocompracente superioridade moral e a tentación de caer na simple desacreditación dos que pensan e votan diferente.

2.7. A oportunidade de cambio en Galicia. Ábrese unha fiestra para poder botar ao PP nas autonómicas cun goberno de esquerda nacionalista e non nacionalista no 2020. EM debe facer o posíbel para ter a meirande presenza e iniciar movementos para iso. A organización debe marcar como obxectivo primordial para o ano que vén conseguir apartar o PP do Goberno da Xunta propiciando unha ampla maioría de todas as forzas de esquerda nacionalistas ou non, para conseguirmos un goberno que rexenere a democracia, a administración autonómica e defenda certamente os intereses da maioría social galega.

3. NACIÓN ABERTA EUROPEA.

EM queremos desenvolver o noso proxecto nacional, desde a aceptación da Galicia aberta, plural, moderna e inclusiva, tal como a senten a inmensa maioría dos galegos e das galegas á marxe da súa posición política. Non hai máis criterio de pertenza nacional que a vontade

de convivir. Queremos construír un proxecto político con todas aquelas persoas que acepten o principio de Galicia como nación, sexan ou se sintan nacionalistas ou non. Pero asemade de compartir ese sentimento con toda a xente que vive e quere facer a súa vida en Galicia ou para quen sen vivir aquí, Galicia forma parte da súa vida, a construción dun proxecto nacional é a única vía para definir unha alternativa de maiorías sociais en clave de progreso e autogoberno.

Esta comunidade humana unida pola vontade de convivencia debe ser a protagonista social, económico e político da súa vida común, conformando así un espazo **democrático e soberano** de decisión política.

A nosa construción política aséntase na idea **republicana** de liberdade e igualdade de todos os membros da comunidade, mais sendo conscientes de que a súa simple proclamación non as fai reais e efectivas.

Propugnamos unha idea de protagonismo compartido da vida entre toda a cidadanía: temos o dereito e o deber de coidarnos para procurar mutuamente o progreso persoal e social. O valor básico interno desta idea é a **solidariedade** social.

O proxecto soberano de EM reconece a existencia dun marco político estatal e europeo onde se residencian competencias de interese galego. Por esta razón EM aspira a procurar espazos de **diálogo** fraterno e a tecer **alianzas horizontais** no Estado español e a Unión europea que aseguren o recoñecemento pleno da plurinacionalidade, a recuperación e ampliación de liberdades públicas e dereitos individuais, a xustiza social e a constitucionalización de novos dereitos cidadáns.

EM practica a fraternidade e a solidariedade entre os **pobos do mundo**, e comprométese co respecto á súa soberanía e a promoción e mellora dos seus dereitos democráticos e sociais.

4. DEMOCRACIA SOCIAL-AFECTIVA. ECOFEMINISMO.

Sen ánimo exhaustivo, estas son algunhas liñas que queren caracterizar o recalibrado do eixo social de EM:

4.1. Transversalidade. A primeira tarefa a traballar é recuperar a transversalidade da que nunca quixemos saír, é dicir, recoñecemento dos puntos comúns na diversidade social que vertebran o discurso progresista amplo. Nunca tivemos vocación de ser o vértice

esquerdo nin a muleta de apoio do espazo progresista, aspiramos a xerar discurso de hexemonía para as maiorías sociais. A impugnación ao réxime sobordou os tradicionais espazos políticos conservador e progresista, enfrontando aos de arriba cos de abaixo. A vixencia do 99% ten que levarnos á busca dun espazo político e electoral que trascenda eses marcos, ou o noso papel sempre será, no mellor dos casos, subsidiario, e, no peor, marxinal. A transversalidade de EM débenos levar a ocupar ese espazo onde conflúan todos os sectores dispostos a lograr o máximo desenvolvemento social, económico, cultural e político de Galicia para o cal precisamos que a través de EM se sintan representados e poidan participar realmente e de forma activa nun proceso construtivo de país.

4.2. Feminismo. A marca de encontro común na transversalidade dos valores sociais para EM é o feminismo, e dende ela o resto de manifestacións emancipadoras da **igualdade**. Deste xeito todo o discurso se desenvolve partindo delas e recoñecéndolas como presuposto material da liberdade en calquera das súas manifestacións, pois non recoñecemos a liberdade real en ausencia de condicións mínimas de igualdade material e de oportunidades.

Construír unha política verdadeiramente feminista segue sendo unha tarefa pendente. Debemos colocar o feminismo no centro do taboleiro político, tanto no relativo ás formas de facer política como ás políticas a facer. Cómpre facer política feminista, cara dentro e cara fora.

A loita contra a violencia machista ten que ser absolutamente prioritaria legal e orzamentariamente, porque sen unha porcentaxe do orzamento dedicada a iso non hai compromiso.

Como base fundamental para erradicar o machismo das relacións interpersoais, é imprescindible incorporar a educación afectivo-sexual en toda a ensinanza regrada, pois esta permanece invisibilizada no currículo educativo.

4.3. Transición ecolóxica, economía verde e emerxencia climática. Vivimos nun tempo de emerxencia climática e deterioro ambiental que acadou xa o punto de non reversibilidade. A transición cara a unha economía libre de emisións de efecto invernadoiro require un profundo cambio social, e por tanto, político.

A situación de deterioro ambiental e a emerxencia climática global, ocasionada por unha política de crecemento ilimitado e depredación baseada na explotación depredadora de recursos naturais, nun mecanismo de distribución comercial inxusto social e ambiental e

nun modelo de consumo require un cambio radical nas políticas enerxética, industrial e de consumo que promoven as grandes corporacións e que as poboacións, acriticamente, practicamos. A situación de desequilibrio ambiental e desigualdade humana Norte-Sur, incluíndo cada vez máis amplos focos de degradación ambiental e de máxima pobreza no Norte, demanda medidas urxentes, accións enérxicas e visión interxeneracional.

A ecoloxía política non é unha política máis dun programa de cambio, é o modelo sobre o que facer pivotar todo o resto da axenda, tal como xa o están a formular moitos movementos en diferentes partes do planeta.

En Marea debe formar parte da corrente de cambio global. Asegurar programas de transición enerxética, industrial e de consumo, que permitan abordar os retos da mudanza climática á que determinadas grandes corporacións asentadas en Galicia contribúen decisivamente. Programas que teñan como piares a autosuficiencia enerxética sostible, o consumo responsable e a soberanía alimentaria.

Isto non pode quedar confinado a un área específica de Medio Ambiente, senón que ten que ser un aspecto transversal na proposta política de En Marea. Se non collemos nós a bandeira da loita contra o cambio climático estaremos traizoando á mocidade que está nas rúas demandando que non lles roubemos o futuro. Cómpre construír dende En Marea unha proposta de futuro sostible para a sociedade galega. Isto supón unha redefinición da política forestal, das explotacións agrarias e gandeiras, da nosa forma de consumir, do noso xeito de movernos e do noso tecido produtivo. En Marea non pode defender ás industrias altamente contaminantes coa vella excusa da defensa dos postos de traballo.

Isto ten que ser concreto, cunha proposta valente de cambios legislativos en Galicia para limitar, penalizar e mesmo erradicar as industrias altamente contaminantes que esquilman os nosos recursos e son grandes xeradoras de contaminación. No período de transición, En Marea impulsará politicamente o emprego das técnicas menos contaminantes segundo o estado da ciencia.

A proposta de En Marea tamén debe afectar á mobilidade, cunha aposta firme pola mobilidade eléctrica, a limitación da circulación de vehículos contaminantes e a creación dunha infraestrutura ferroviaria propia para as cercanías que vertebre o territorio e reduza o uso do vehículo privado.

A xeración de enerxía é outro punto fundamental no que debemos traballar. A única enerxía renovable que está nos plans da Xunta de Galicia é a eólica, precisamente a que

ten máis impacto ambiental. Acadar a soberanía enerxética significa impulsar a autoxeración e o autoconsumo de enerxía solar e xeotérmica, e por en marcha a explotación da potencia do mar para a xeración de enerxía renovable.

A explotación dos nosos montes ten que pasar da economía depredadora do monocultivo de eucalipto á recuperación das especies tradicionais e ben adaptadas ao noso clima, cunha nova Lei Forestal de Galicia que prohiba as novas plantacións en todo o territorio e que fixe obxectivos realistas de substitución gradual de eucalipto por especies frondosas autóctonas, dotada do financiamento adecuado.

Ser valentes significa que non podemos contentar a todo o mundo. Evidentemente, a necesaria e urxente transición ecolóxica significará o fin de algunhas industrias e a creación doutras novas, e tamén temos que ser didácticos e explicar que falamos en termos de medio prazo. A visión de catro anos e as boas palabras acompañadas de nula vontade de cambio real son cousa do pasado. Estamos en estado de emerxencia, temos que actuar, temos que facelo de xeito colectivo e non podemos perder catro anos máis. Esa é a mensaxe que debemos esforzarnos en transmitir.

4.4. Xustiza Social. Os marcos discursivos deben propugnarse en positivo baixo a premisa da xustiza social, valente e que non perda o sorriso, baixo unha fonda idea de fraternidade. A nosa acción política está asociada a valores positivos que amplían dereitos e liberdades que desenvolven condicións que fan a vida mellor: igualdade, solidariedade, coidados, cultura, benestar, expresadas en positivo.. Non tratamos de amedrentar, senón de seducir. Non queremos dar medo, senón confianza. En puridade, o proxecto político non se dirixe contra ninguén, diríxese a favor da mellora das condicións materiais e inmateriais de vida da cidadanía.

4.5. Política dos afectos, ética dos coidados. Internamente pero tamén externamente debe recuperarse e afondarse sinceramente na ética dos coidados, propios e cidadáns. Debemos ser recoñecidos nesta nova etapa pola amabilidade do discurso. Isto non ten que ver coa corrección política senón co trato familiar. Debemos afondar na idea da política como o bo trato social equivalente ao afecto familiar. A idea de xustiza social como o proxecto nacional colectivo en que non se deixa a ninguén atrás, como nas familias. EM quere desenvolver a idea de solidariedade nacional, de xeito que a idea nacional e a de xustiza social vaian necesariamente da man.

4.6. Ensanchar o discurso para unha clase social ampla: do precariado á cidadanía plena. EM debe facer un esforzo por situarse como alternativa real perante o espectro cidadán

ao que dirixir a acción política, tanto formalmente no discurso como materialmente nas súas propostas.

Na actualidade está consolidada socialmente a figura da persoa traballadora pobre (imposibilidade da emancipación económica mediante o traballo) e sen dereitos. Este achicamento para o individuo das expectativas vitais e sociais que o propio traballo non é capaz de mitigar converxe na identificación de diferentes situacións ecoómicas, sociais e laborais cunha idea: a precariedade. A existencia de traballo mal remunerado e un estado social mínimo que circunda aos individuos impide identificalos como excluídos, pero ao mesmo tempo compromete seriamente calquera expectativa de progreso social significativo e de concibir un futuro con certezas vitais. Esta situación xera desconcerto, descrédito institucional e socaba as bases da solidariedade interxeracional, ao non existir a expectativa dun futuro en que se devolva o esforzo feito no presente.

EM debe dirixir a centralidade do seu discurso, dun modo inclusivo e amplo, á maioría socioeconómica do país, constituída fundamentalmente polas clases traballadoras e medias, priorizando na súa acción política a defensa dos intereses do precariado, no que converxeron tantos segmentos de poboación tras a fin da recesión. Dunha banda, na formulación de políticas sociais e económicas que melloren a súa posición de xeito estrutural, contribuíndo así a xerar expectativas vitais de mellora persoal e social, é dicir, de **esperanza**. E doutra, combatendo os abusos que no día a día cometen aqueles que se atopan na posición dominante, e que frustran a cidadanía creado a sensación de irreversibilidade e resignación ante a situación actual.

Debemos acompañar mediante estas liñas de acción a expectativa cidadá de recuperación do poder adquisitivo e dereitos que impliquen mellora da calidade de vida e **felicidade**, entendendo que esta non só se acada con prestacións económicas senón con outros bens intanxibles como a cultura ou o tempo de lecer.

A superación da situación de precariedade e a súa substitución pola de **ciudadanía plena** con acceso a recursos materiais e inmateriais para acadar unha calidade de vida digna debe ser o eixo central de discurso. A materialización desta mudanza de paradigma sobre as condicións materiais de vida das maiorías sociais pasa necesariamente por unha transformación radical das actuais políticas económicas, orientadas sobre a base dun Estado redistributivo e que garanta mediante políticas públicas os dereitos básicos da cidadanía, a través dunha Renda Básica Universal, Incondicional, Individual e Suficiente.

Compartimos a convicción de que atacar as causas estruturais do precariado ensancha as clases e segmentos de poboación que acceden *de forma plena á cidadanía*, reduce a taxa de marxinalidade e exclusión social e contribúe a conformar a masa crítica da sociedade actual que está en condicións de asumir e reforzar democráticamente outras ideas básicas para a redistribución da renda e riqueza, como a xustiza fiscal.

4.7. Servizos públicos e autonomía do benestar. A efectividade e avance dos dereitos sociais precisa un entramado institucional que asegure a función prestacional do Estado e a súa manifestación competencial máis próxima: a autonomía do benestar. Toda a historia do autogoberno practicamente en mans dos que a queren laminar e privatizar require actualizar e relanzar o sector público. Isto non pode negar no discurso a iniciativa privada, pero si asegurar a **desmercantilización** de sectores que sofren un progresivo proceso de privatización – como as pensións, educación ou a sanidade – xerando desigualdades sociais, deterioro do servizo e casos de corrupción xeralizada.

4.8. Investimento social e I+D+I. Cómpre afondar a idea de que as políticas económicas deben contemplar a previsión dos ciclos económicos e recuperar a idea de investimento social, un neokeinesianismo en clave de mellora social e tecnolóxica, nomeadamente en sectores que xeren coñecemento (aposta política por sectores innovadores da empresa e a industria, con implicación das universidades), que faciliten a vida dos demais (economía dos coidados) e con preferencia pola economía social (cooperativas). A estratexia investidora contemplará tamén como criterio principal a sustentabilidade ambiental.

4.9. A promoción dun novo paradigma cultural: a racionalización do tempo de traballo. A automatización do traballo implica que cada vez máis robots poderán substituír o traballo dos humanos e estamos xa a ver como co necesario avance da tecnoloxía e a intelixencia artificial, o mercado laboral está mudando e en algúns casos encollendo, sendo unha das medidas a implementar a Renda Básica Universal. Debemos abandonar a idea do produtivismo laboral extremo e camiñar cara unha racionalización do tempo de traballo. Unha sociedade máis humana e máis xusta require a conciliación do tempo de traballo co tempo de descanso e o tempo de lecer –familiar, social e cultural-. Cómpre dispormos de tempo para gozar das nosas vidas. Esta idea casa co necesario reparto do traballo dispoñible e modula a produción en función das necesidades do consumo de bens para acadar o benestar e a realización persoais. A conciliación laboral e familiar é concibida hoxe como unha excepción ao réxime xeral de traballo, obsesionado co número de horas realizadas, e que desprezia a produtividade, a calidade do tempo

traballado e sobre todo o benestar e a motivación da persoa durante a xornada laboral. Debemos camiñar a un cambio de paradigma que nos devolva horas de conversa, de apropiación das rúas, de lectura, de cine, de teatro, de deporte. En definitiva, postulamos transferencia de tempo para o benestar persoal, a saúde e a cultura. Este novo paradigma cultural implica asumir a necesidade de mellor reparto do traballo existente e a renda básica universal como principio de dignidade cidadá.

4.10. Emprendemento. Unha das grandes eivas da esquerda é non tratar o tema da empresa. Unha maneira de marcar unha diferenza é integrar no noso discurso un emprendemento do común, un emprendemento arraigado que dea valor á sociedade da cal se beneficia e á vez que reciba apoio das institucións que a rexen.

Un dos problemas que agudizou a crise foi a falta de políticas de emprendemento que xeren valor engadido á sociedade galega. Dende diversas institucións galegas, estatais ou europeas, estase apoiando discriminadamente ás grandes corporacións empresariais, lobbys, empresas sen arraigo social, que non melloran nin aportan nada á nosa sociedade galega. Dende En Marea hai que apostar por promocionar novos emprendedores, consolidar os xa existentes, con políticas que axuden a facilitar a súa integración na sociedade galega e que aporten un valor engadido á comunidade. Emprendemento responsable, social, arraigado, e que teña unha interrelación coa sociedade que lle rodea facendo de pequeno motor da mesma. Apoiar ao noso emprendemento é dar valor á sociedade galega, é ter recursos para investimentos sociais, é ter capacidade de toma de decisións en estratexias político económicas fronte aos intereses dos grandes lobbys económicos que non aportan nada ás sociedades onde se establecen e si sacan partido dos seus recursos.

4.11. O abandono do crecemento do PIB como obxectivo dos orzamentos e políticas económicas. É necesario na actual situación política e social garantir que En Marea aplicará orzamentos do Benestar, seguindo o modelo de países como Nova Zelandia, abandonando a carreira sen fin do crecemento polo crecemento á que nos aboca o neoliberalismo. Os factores económicos de reparto das riquezas e sostibilidade do medio ambiente deben primar sobre o rendemento económico dun estado.